

ACTA DO XURADO CONCURSO DE RELATOS CAMBIEMOS O CONTO

Reunidas por videoconferencia, ás 17:07 horas do día **6 de marzo de 2023**, reúnense as persoas integrantes do xurado nomeado para emitir o resultado do concurso de relatos *Cambiemos o conto*; presidido por Lucia Muradas Arcay, xefa do Servizo de Igualdade da Deputación de Pontevedra; vogais: Paula Cabaleiro Comesaña, Directora de Cultura da Deputación de Pontevedra; Isabel Blanco Franco, avogada e escritora; Inma López Silva, escritora, profesora, investigadora e crítica de teatro; Anna R. Figueiredo, escritora e profesora; Silvia Penas Estevez, escritora, poeta e profesora; Rexina Rodríguez Vega, escritora e investigadora da literatura galega e actuando como secretaria Ana Isabel Amoedo Garrido, técnica do Servizo de Igualdade da Deputación de Pontevedra. Todas elas asinantes do Manifesto de Soutomaior.

1º.- Relación de traballos presentados á convocatoria

Na páxina Web da Deputación de Pontevedra publicáronse as instrucións para participar en dito concurso, que se pon en marcha co obxectivo de incentivar na mocidade o pensamento crítico e de sensibilizala na igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e contra a violencia de xénero ao tempo que se fomenta a súa creatividade. A convocatoria está dirixida a todo o alumnado de educación secundaria (ESO, Bacharelato e FP Básica ou de Grao Medio) dos centros de ensino da provincia de Pontevedra, que podía participar elaborando relatos de entre 3.500 e 7.000 caracteres.

Cada persoa deberá escoller unha estrofa ou verso dunha canción que se escoite na súa entorna, que teña moitas persoas seareiras e escribir un relato no que se denuncie o carácter machista da mesma, contrastándoo con como queremos construír o mundo e as relacións desde o feminismo.

Hai dúas categorías, unha para alumnado da ESO e outra para os demais niveis educativos. Os premios, iguais para ambas as categorías, serán os seguintes:

1.º PREMIO:

Para o centro gañador: unha actuación musical ou un encontro cunha escritora galega

Para a moza ou o mozo gañador: un ordenador portátil

2.º PREMIO:

Para o centro gañador: un encontro cunha escritora galega

Para a moza ou o mozo gañador: unha tableta

3.º PREMIO:

Para o centro gañador: realización do obradoiro Mudando Letras

Para a moza ou o mozo gañador: un agasallo didáctico



Á convocatoria presentáronse 49 relatos para a categoría da ESO e 9 relatos para o grupo de Bacharelato e FP Básica ou de Grao Medio.

2º.- Valoración das persoas integrantes do xurado e persoas premiadas

Logo da valoración de todos os traballos presentados á convocatoria, as persoas integrantes do xurado manifestan a boa calidade dos traballos e agradecen de maneira especial o esforzo da rapazada dos primeiros cursos da ESO.

De forma unánime entre todas as persoas integrantes decídense coma gañadoras en cada unha das categorías as seguintes alumnas:

- **Categoría ESO**
 - **1ª Alba Domínguez Soutullo** (2º ESO) do **IES Vilalonga** de Sanxenxo
 - **2ª Sabela Vázquez Castro** (3º ESO) do **IES do Castro** de Vigo
 - **3ª Aroa Vicente López** (3º ESO) do **IES de Barro**

- **Categoría Bacharelato, FP Básica o de Grao Medio**
 - **1ª Nerea Silva** (1º bacharelato) do **IES San Tomé de Freixeiro** de Vigo
 - **2ª Lía Fernández Vicente** (2º bacharelato) do **IES San Tomé de Freixeiro** de Vigo

As persoas integrantes do xurado deciden deixar deserto o terceiro premio dada a baixa calidade dos relatos enviados.

Sen máis asuntos que tratar dáse por concluída a reunión, ás 18:18 horas do día 6 de marzo de 2023, do que eu, como secretaria, dou fe.

